

ADDENDA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CONTINUIDADE E O DESENVOLVEMENTO DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela, formalizaron o 15/05/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos por un período de catro anos, a contar dende o 18 de maio de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto prorrogar a vixencia do compromiso suscrito o 18 de maio de 2021.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O 31 de xaneiro de 2008 as partes asinaron un convenio a través do cal acordaban a constitución do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), recoñecido no ano 2010 polo Instituto de Salud Carlos III como Instituto Acreditado de conformidade co Real decreto 279/2016, do 24 de xuño, sobre acreditación de Institutos de Investigación Sanitaria (BOE do 5 de xullo de 2016).

Este compromiso renovouse en sucesivos convenios ata o vixente na actualidade, suscrito o 18 de maio de 2021.

O Instituto carece de personalidade xurídica propia, polo que as actuacións necesarias para a consecución dos seus fins canalízanse a través da Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), que actúa como órgano de xestión, sen prexuízo das competencias de cada unha das institucións figurantes no Convenio.

A cláusula décimo quinta do Convenio estipula que a súa duración será de catro anos, con posibilidade de ser renovado unha soa vez por outros catro anos, polo que as partes prorrogaron a súa vixencia por un período de catro anos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

